



## Dubido se matei a Lena

Medos Romero

▼ XURXO BORRAZÁS

**É** de agradecer que a reflexión e a práctica das artes nos conduza a dubidar sobre a entidade dos actos. Este título feliz merece o texto que o acompaña. Trátase dun libro fráxil no que a dúbida é omnipresente. É a inseguridade arredor do que se é ou o que facer, o medo. O medo aos nomes, o medo a nomear. A penas se contabilizan nomes nin xeográficos nin persoais, e só os das mulleres: Lena, Brenda, Elba, as vocais sempre as de «ela». É un libro de derrotas, as vitorias sempre hai quen as cante. Non é un tratado da condición feminina pero si un libro sobre as mulleres, cando menos *sobre mulleres*. O volume compóñeno vinteito textos nos que as personaxes aparecen, vanse e semellan que volven, co mesmo nome pero xa distintas. Fragmentos de historias que, valéndose en por si, en conxunto forman unha historia maior.

As mulleres vense de nenas e de adultas, como persoas e como parte das outras mulleres, da familia, dos homes, o que se espera delas. Vense desde dentro e desde fóra, os narradores en estilo indirecto libre, primeira e tereceira persoa alternanse e ás veces sorpréndenos no medio dun relato a irrupción dun narrador ou narradora inagardada. As historias sitúanse case sempre á noite ou en penumbra, o frío e os invernos reflicten o desamparo físico e sentimental das protagonistas. As mulleres son violentadas sen delicto, case con fastío, coma se falásemos dunha rutina e nin se desen conta. Levan vidas de miseria e angústianse cando se ven inmovilizadas pola educación patriarcal. Angústianse polo tempo perdido e por non seren quen de ceibarse a pesar de seren conscientes de que a trampa que as aferolla ten barrotes de ficción. A longa aprendizaxe do xénero xa afogou a súa sexualidade e dificultou as súas posibilidades de relación coa realidade. Diante desta situación caben varias respostas: o suicidio, a loucura, a obxectualización ou a violencia real ou intelectual como refuxio contra a traxedia. Quen isto asina celebra que obras coma esta se escriban entre nós. Agardamos máis.